



# CGT

## Mantemento: hai que pasar á ofensiva

Onte reuniuse a comisión de auxiliares coa dirección de Navantia, 3 semanas despois de publicarse o prego de licitación do mantemento! Magnífico

exemplo de ninguneo ó comité da principal. O balance da xuntanza non pode ser máis nefasto.

A **empresa**, facendo gala dun refinado e noxento cinismo, negou o **obvio**: que **a licitación ten como obxectivo destruír o comité da UTE en represalia por opoñerse hai un ano ó despedimento de 15 traballadores con dereito a subrogación.**

E a maioría sindical, a pesar de repetir unha e outra vez que o prego busca destruír o comité da UTE, **iNON ESIXIU EN NINGUN MOMENTO A SÚA RETIRADA!** E cando a **CGT** si esixiu que o retirasen e a negociación dun **novo** prego coa **participación** do comité da UTE, faltoulles tempo para dicirle á empresa que aceptan o prego actual.

## Cartucho

En Fene hai cartucho. E estase a repartir no mesmo sitio que se repartiu o de Ferrol nos últimos anos. A única diferenza é que, pola pandemia, o beneficiario/a non ten que baixar do coche porque llo meten no maleteiro.

Independentemente do debate de se cartucho ou vale, para a **CGT** o máis relevante é que a decisión corresponde ós **traballador@s**, non á empresa nin ó comité.

A maioría sindical ten que deixar de avala esta manobra empresarial e defender ós compañeiros do único xeito posible: esixindo a retirada inmediata do prego e a apertura desnova negociación.

A **mobilización** e a **paralización** da produción (especialmente do AAOR) son as ferramentas que temos os traballador@s para transformar o cinismo da dirección en acordos favorables. De non facelo, estarase asfaltando o camiño para que a empresa siga a mexar por riba do comité da principal e para tódalas represalias que seguirán á destrución do comité da UTE.



## Calendario laboral

A empresa, seguindo coa dinámica dos últimos anos, levounos a unha situación na que a día 18 de decembro, e a tres días de irnos de vacacións, non temos calendario laboral.

A parte social propuxemos que os 4 días de LD se puidesen desfrutar por horas. A empresa, tras propoñer inicialmente que fosen desfrutados por días enteiros, presentou onte unha nova proposta: un día por horas, dous a elección d@ traballad@r e o cuarto día a desfrutar obrigatoriamente o 24 de decembro. Hoxe ás 12:30 hai outra xuntanza coa empresa.

## Incremento salarial 2020

Remata o ano sen que Navantia aplicase o incremento salarial do 2% aprobado polo goberno en febreiro para o sector público. Non estaría de máis que o comité intercentros tivese a ben **informar** ós traballador@s sobre como está o asunto.

# Novos ingresos

As entrevistas do psicólogo provocaron que esteamos nunha situación inaudita.

A proposta da **CGT** foi dar unha resposta de mobilización sindical, pero a maioría sindical rexeitou convocar unha **assemblea** xeral. Nin sequera quixeron celebrar unha roda de prensa.

Tamén propuxemos que, dado que nas prazas de universitarios sénior a empresa non admite o 95'2% das inscricións, o comité tiña que esixir poder **revisalas todas**, para comprobar que esa altísima porcentaxe está xustificada. Cumpriríamos así a **obriga** de garantir o proceso e, en paralelo, presionaríamos á empresa (son as únicas prazas que lle importan).

En febreiro, na assemblea xeral sobre os novos ingresos que o comité tivo que convocar forzado por unha recollida de sinaturas, a proposta da **CGT** de reiniciar as convocatorias foi rexeitada porque atrasaría os ingresos. Agora CCOO e MAS xa non ven problema en atrasalos, posto que decidiron **paralizar** todo. ¿Non levan os aspirantes aturando **demasiadas** molestias e incertezas durante **demasiado** tempo como para engadirilles máis?

Tamén decidiron que a Comisión de Emprego "devolvase" as súas competencias ó comité, pero sen artellar como asumiría o comité esas tarefas. Isto significa que, nestes momentos, a Comisión de Emprego está na práctica **disolta**. Por suposto, CCOO e MAS seguen visitando Dirección.

CCOO e MAS xuntos teñen maioría no comité. Xa que decidiron paralizar todo e disolver a comisión, deberían dicir que propoñen para saír deste *impasse*. Ou esperan que a empresa se renda por aburrimiento? E tamén deberían **informar**, ós centos de persoas afectadas pola súa decisión, de que está pasando e como axuda todo isto a obrigar á empresa a admitir ás catro persoas excluídas coa excusa do psicólogo.



Os continuos problemas nas convocatorias de prazas poñen de manifesto a necesidade de que os traballador@s deamos unha batalla firme e contundente a favor duns procesos que respondan ós criterios de **equidade, transparencia e limpeza** esixibles nunha empresa **pública**, que non pode ser un feudo nin dos directivos da empresa nin de sindicatos que ó que aspiran en realidade é a ter "cacho" clientelar, como demostran tódolos mamoneos que se traen coa empresa en relación coa FP Dual.

## Sestao

O intercentros pediulle á empresa copia do **acordo** coas condicións de integración dos compañeiros procedentes de La Naval. Navantia respondeu que tiña que pedirle **permiso** á SEPI.

Hai unha cousa que non se entende. Por que a representación dos traballador@s ten que pedirle á empresa un acordo asinado polas **federacións de CCOO e UGT**? Unha pista: os compañeiros trasladados **non** coñecen o acordo. Somos mal pensados ou isto cheira a **secretismo**?

E falando de compañeiros de Sestao. O 27 de novembro de 2019 se dirixiron por escrito ó comité de empresa. Un ano máis tarde, seguen **esperando** unha resposta. Incluso descontando o tempo de confinamento, vai sendo hora de que se lles responda.



**Contacta connosco:**

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13  
Telf. Móbil: 623 044 900

[cgt.fe@navantia.es](mailto:cgt.fe@navantia.es)  
[naval.ferrolterra@cgtgalicia.org](mailto:naval.ferrolterra@cgtgalicia.org)

Séguenos e comparte info nas RRSS:

